

## AGRUPAMENTO 2º ESO

### 3ª SEMANA CORRECCIÓNS

Páxina 114 exercicio 3:

- Verduras, ensaladas, legumes, peixe e froita fresca.
- Precociñados e sobremesas doces.
- Hidratos de carbono, proteínas, fibras, vitaminas, minerais e antioxidantes.
- Riqueza en proteínas e graxas saudables, así como en vitaminas e minerais.
- Debido ao seu menor custo, á súa sinxela e rápida preparación e mais á súa boa aceptación.
- Debe ser lixeira ( sen moitas calorías nin graxas) e en familia.
- Recoméndanse dúas ou tres porcións ao día, una delas crúa.

Páxina 115, exercicio 9

Xamón [ʃ ] , exame[ks], explicar [ks], taxi [ks], xabrón [ʃ ], coxo [ʃ ]

Exercicio 10:

209: duasetentas nove	2: dúas
19: dezanove	3: tres
30: trinta	6: seis
418: catrocentos dezaoto	9: nove
2008: dous mil oito	5: cinco
27: vinte e sete	

Exercicio 11:

Femininos: ponte, análise, aguiá, aula, paisaxe.

Masculinos: mel, be, leite, nariz, costume, lujme, couce.

Exercicio 14:

- É mentira que a miña veciña roubase a moto.
- Ti e mais eu somos boas amigas dende a escola.
- Seguro que é ela a que chama por teléfono á una da mañá?
- A que prezo ten os grelos? E o repolo?

Páxina 117, exercicio 1:

O folleto vai dirixido a todas aquelas persoas interesadas en realizar una andaina de 50 km pola cidade de Santiago de Compostela. O folleto dá información de como inscribirse, a descrición do percorrido e como este vai desenvolverse.

Este folleto anima a participar nun evento deportivo e de lecer e dá información das características deste evento, polo que tamén cumpre una función informativa.

As características deste folleto son:

- Presenta información precisa e ben organizada, separada, neste caso, por apartados.
- Non emprega parágrafos longos.
- -Presenta imaxes para completar a información ( mapa da riuta, perfil)
- Presenta un deseño atractivo, en formato tríptico, cunha portada axeitada ao contido e con cores, así como tipografía en diversas cores que fan máis chamativo e agradable o texto.

Exercicio 2:

-Tríptico: folla do tamaño dun folio aproximadamente, que se divide en tres partes iguais, dúas laterais que se abaten sobre una central. Utilízase para difundir información, propaganda.

-Díptico: folla que se divide en dúas partes iguais e que se usa para difundir información, propaganda, etc.

Páxina 118, exercicio 1 :

- a) Non se cumpre a máxima de cantidade, xa que non ofrece a información necesaria, O receptor debería non responder literalmente e indicar a hora que é. Ao mesmo tempo, o emisor non é cortés, podería engadir “ por favor” para obter una resposta máis amable.
- b) Non se cumpre a máxima de cantidade, xa que se achega una información subxectiva que o receptor pode non entender.
- c) Non se cumpren as normas de cortesía. O emisor non ofrece posibilidades e o receptor contesta de maneira brusca e pouco axeitada.
- d) Por se tratar dunha emerxencia, a persoa non ofrece a información de xeito ordenado( principio de maneira), debería comezar indicando o motivo da urxencia e logo o lugar no que ocorre. Ademais non se identifica.
- e) Non se cumpre o principio de cantidade, xa que o emisor dá moitos rodeos para dar a información, debería ser máis claro e achegar información do que quere tratar( principio de relación)
- f) Non cumpre o principio de calidade, xa que o que afirma o receptor non é verdade, non existe o suízo como idioma.
- g) Non cumpre o principio de maneira, xa que expón a información de maneira desorganizada ( antes de fritir patacas hai que pelalas e cortalas, por exemplo)
- h) Non cumpre as regras de cortesía, xa que o emisor pide axuda de forma descortés, sen se colocar no lugar do outro e máis que una petición, dá una orde. Por iso o receptor responde de maneira irónica.

Exercicio 3:

Resposta aberta

Páxina 120, exercicio 1:

-Boletín ( informativo): espazo informativo breve de carácter periódico que se emite nos intermedios da programación.

- Podcast: ficheiros de son que fican almacenados nun servidor de internet e que as persoas subscritas baixan automaticamente.

- Frecuencia (modulada) : modalidade de emisión por radio na que a onda portadora se modula ao variar a súa frecuencia baixo a acción da onda acústica. A súa sigla é FM.

- Magazine: formato de programa radiofónico ou televisivo de entretemento que combina diferentes xéneros( actuacións, concursos, entrevistas etc.), dirixido ao gran público. Tamén se denomina “ programa de variedades” ou “revista”.

Informativo: espazo radiofónico ou televisivo que informa das noticias do día. Está baseado na descrición obxectiva dos feitos e prescinda da opinión de quen o narra. Tamén se denomina “ telexornal” ou “noticiero”.

Os préstamos que atopamos son: podcast ( do inglés, contracción de iPod e broadcast) e magazine ( do inglés, co significado de “revista”)

Exercicio 2:

Locutor ou locutora. Oínte ou ouvinte. Radiar. Estudio.

Se tedes calquera dúbida ou pregunta enviádesme un correo a:

[falopalugo@gmail.com](mailto:falopalugo@gmail.com)